

# Recensións

ALONSO MONTERO, Xesús (2014): *Pedro Petouto. Traballos e cavilacións dun mestre subversivo*. Vigo: Xerais, 99 pp.

O *Pedro Petouto* volve reeditarse. Temos que lembrar que no número 6 (2006: 185-189) desta mesma revista publicouse a recensión da edición de 1999 de *Pedro Petouto*, feita, tamén, por min. Non queremos reiterar o xa dito en 2003, pero si temos que informar ao lector de que se este “catecismo socialista” volve saír do prelo é porque Pedro Petouto é un personaxe singular que, con moito agarimo, o profesor Xesús Alonso Montero creou entre 1973 e 1974, anos cheos de prohibicións para os que desexaban expresarse libremente. Así o explica Alonso Montero:

Eran, aqueles, tempos de censura política, xa serodio e bastante podre o franquismo; por conseguinte, escribir, para moitos, de nós, con certa garantía de que unha páxina nosa se publicaría (se faría pública), implicaba facelo de xeito tal que o lapis do censor oficial non se alporizase. (p. 19)

O xogo, a estratexia sérvelle a Alonso Montero para librarse da censura; de aí a creación de Pedro Petouto:

Pero o «comunismo» estaba tan morbosamente vixiado que había que facer verdadeiros milagres retóricos para non alporizar o lapis patriótico dos censores do Ministerio de Información. Esa foi a razón pola que inventei un personaxe, Pedro Petouto (1840-1909), ao que lle atribuí existencia histórica. A censura e algúns lectores non o entenderon como personaxe de ficción. Deste xeito, eu, o seu biógrafo, o seu erudito historiador, puxen na súa boca palabras e textos que na miña resultarían censurables polos funcionarios do Ministerio de Información. O filomarxista, pois, era un estraño mestre decimonónico, non eu, súbdito español na era de Franco. (p. 20)

Pedro Petouto é un escolante que dedicou toda a súa vida aos outros, a impartir clases a mozos e a vellos, e como personaxe curioso non deixa de preguntarse polas cousas máis inesperadas e transmite a súa inquietude aos labregos. Alonso Montero, alter ego de Pedro Petouto, fala

do que sempre falou: da lingua, da función do intelectual na sociedade, das relacións entre o socialismo e a literatura... En fin de contas, non outra cousa fixo toda a súa vida, o que configura como un dos últimos representantes daquela raza, hoxe en extinción, dos escritores comprometidos. (p. 9)

Estas palabras de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda son moi ilustrativas da traxectoria do profesor Alonso Montero e do escolante Pedro Petouto, a quen podemos achegarnos grazas a esta nova edición. Os nosos parabéns por esta iniciativa, porque consideramos que libríños feitos con tanto interese non son moi habituais hoxe en día e supoñen unha bafarada de aire fresco para os que cremos, como Pedro Petouto, que na vida se poden facer cousas para avanzar colectivamente. ¡A nosa benvida ao Pedro Petouto!

Carmen MEJÍA RUIZ

ARAGUAS, Vicente (2013): *Cando fóramos nevar*. Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán, 67 pp.

Non é a primeira vez que falo da poesía de Vicente Araguas, poeta galego que pertence ao Grupo Bilbao de Madrid. Moitas veces facemos referencia a este grupo poético os que vivimos en Madrid, porque nesta cidade hai poetas galegos que, a pesar da distancia con respecto á súa terra, precisan escribir na súa lingua e séntense galegos fóra de Galicia. Moitos deles recuperan

a súa vida, as súas raíces coa poesía, e outros, ademais, precisan escribir en galego para comunicarnos as súas inquedanzas e para descubrirse na outredade.

Vivir en Madrid e escribir en galego supón unha aventura de recoñecemento de un mesmo, malia o descoñecemento dos outros. Pódese dicir, a pesar disto, que Vicente Araguas é un escritor recoñecido no sistema literario galego e, desde a miña perspectiva, a calidade da súa escrita é evidente. Basta con aproximarse a *Maneirinhas de querer* para corroborar que a poesía de Vicente Araguas está consolidada. Nesta mesma revista (número 3, 2000: 121-124) recóllese a presentación de *Billarda*, a antoloxía bilingüe da poesía araguaniana que se presentou na librería Sargadelos de Madrid o 14 de outubro de 1999. Alí, na mesa, estabamos o poeta, Amalia Iglesias e mais eu, e falamos de *Billarda*. Amalia Iglesias entre outras moitas cousas sinalou:

Esa fidelidad a su lengua (...) está apoyada en una constante presencia que podíamos llamar el alma gallega. Contiene el eco de sus atmósferas, la nostalgia de sus paisajes, (...) contiene la memoria de la infancia, los mitos del origen, la marca del gallego transterrado. Pero no es, sin embargo, una poesía localista, ni mucho menos. Prueba de esa universalidad, también de su postura literaria, es su ejercicio como traductor (id. 122).

Como o lector pode comprobar o noso poeta leva escribindo case toda a súa vida e seguen saíndo do prelo novos poemarios como *Cando fóramos nevar* (2013).

Eu sen ler a contracapa do libríño, todo branco como a neve, diría que nel están todos os temas araguanianos. Por un lado, os grandes temas da necesidade da escrita “Escribo lento,/ bailando/ nun xogo incerto de parella/ a se abrazar (...)” (p. 7); a procura da identidade “Para saber quen son/ detéñome no tempo (...)” (p. 8); o tempo detido e a volta ao recordo “(...) Aínda son aquel” (p. 9); o desamor “(...) Eu souben que deixaras de quererme/ no patio do cuartel (...)” (p. 11). Doutra banda, os pequenos detalles que conforman o cotián cheo de sentimentos, como a soidade “Aquel vello tocando o piano cun dedo:/ ¿Cómo puedes tú vivir tan sola? (p. 14); a instantaneidade dun momento “Esas horas da noite (...)” (p. 16), que provoca revulsións “(...)

O corazón: descolocado./ As ideas dan voltas/ (...) como maletas/ das que ninguén se fai cargo (...)” (p. 16); pero esa instantaneidade emotiva vese iluminada “(...) Hai unha farola na rúa” (p. 16), e acompañada por un son “(...) Un can, ao lonxe,/ ladra” (p. 16). Percíbese nos poemas de Vicente Araguas os sentidos cos cales expresa a súa emotividade. Este universo sensorial e emotivo está en toda a creación araguaniana. Na súa poética temos referentes contextuais e culturais que para descontextualizalos precisamos aclaracións, consultas, etc.; pero a pesar deste hermetismo o universo poético do autor chega ao lector porque a expresividade manifestada se visualiza. No poema central, *1963 e nevaba* (p. 33) temos a clave deste libríño, a volta cara ao pasado, o recordo da nevada de 1963, fronte á realidade do presente. O pasado no presente nun mesmo espazo, o poema:

Volves a esta praza na que se aliñan  
 (...)  
 e un teatro ecléctico  
 onde viches a primeira película  
 da túa vida, *Las cuatro plumas*  
 (...)  
 Volves hoxe, falta a neve de 1963  
 (...)  
 segues estando ti, lástima fora,  
 nunha foto que non pode abarcar  
 o inabarcable; o tempo que fura  
 cal toupeira ou fouciño de porco.  
 Con forza, e segue sen estar a neve.  
 Non

Así pois, como sinalamos no seu momento, “no fondo de toda esta poética está o tempo, ese tempo que non para e que Vicente atrapa nos seus versos. Por iso, pódese dicir que a súa poética é a da recepción, a da memoria (...)” (*Madrygal* 3, 2000: p. 124), porque *Cando fóramos nevar* “ten moito de testamento poético, ou de partida de bautismo. Eis o misterio que vai coa poesía de verdade. Esta” (véxase a contracapa desta edición). ¡Parabéns á Sociedade de Cultura Valle-Inclán por esta publicación! e ¡Grazas Vicente por este poemario!

Carmen MEJÍA RUIZ